

## CONVOCATORIA DE PREMIOS WE SEA-UVigo AOS MELLORES TRABALLOS DE FIN DE GRAO E TRABALLOS DE FIN DE MÁSTER EN MATERIA DE SUSTENTABILIDADE E ECONOMÍA CIRCULAR

A Universidade de Vigo e Conservas Rianxeira S.A.U a través do seu programa de Responsabilidade Social Corporativa “We Sea” veñen de convocar os “Premios We Sea-UVigo aos mellores traballos de fin de grao e traballos fin de máster en materia de sustentabilidade e economía circular”.

A Universidade de Vigo, como institución pública de educación superior, está interesada en colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a innovación e a modernización do sistema produtivo, así como en iniciativas que incidan no respecto ao desenvolvemento sostible.

Ao tempo, Conservas Rianxeira S.A.U reúne tódalas accións da compañía en materia de sustentabilidade. O programa “We Sea” artículase en cinco eixes de actuación diferentes: a pesca e compra responsable, as políticas de calidade, a aposta polas enerxías renovables, o medio ambiente, o compromiso social e a inversión en I+D+i para o desenvolvemento dunha economía circular.

Desta colaboración público privada estipulada por convenio entre as partes nacen estes premios que regúlanse de acordo coas seguintes

### BASES

#### OBXECTO

Esta convocatoria ten por obxecto o recoñecemento daqueles Traballos de fin de Grao (TFG) e Traballo de fin de Mestrado (TFM) realizados polo alumnado da Universidade de Vigo que se distinguan por ser especialmente relevantes nas temáticas relacionadas con sustentabilidade e economía circular.

#### REQUISITOS

- a) Participantes: Estudantado da UVigo que teña superado o seu Traballos de fin de Grao (TFG) ou Traballo fin Mestrado (TFM) durante o curso 2021/2022 na Universidade de Vigo, cunha cualificación igual ou superior a 8 puntos.
- b) Temática dos traballos: debe estar relacionada co:
  - Sustentabilidade: proxectos orientados a consecución dalgunha das metas incluídas no ODS 14 (Vida submariña: conservar e utilizar sostiblemente os océanos, mares e recursos mariños)
  - Economía Circular: proxectos orientados a consecución dalgunha das metas do ODS 12 (Producción e consumo responsable: garantir modalidades de consumo e produción sostibles)



CSV : GEN-2f5f-f3de-6465-e990-1bc1-07b0-0fcb-4c68

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 13/05/2022 14:12 | NOTAS : F

## PREMIOS

Outorgaranse os seguintes premios:

- Premio ó mellor Traballo de Fin de Grao (TFG)
- Premio ó mellor Traballo de Fin de Máster (TFM)

Cada un dos premios consistirá nunha axuda en metálico de 1.000 € e da realización dunhas prácticas por un período de 3 meses. As prácticas estarán remuneradas con 650€ brutos mensuais e realizaranse en calquera centro de traballo da sociedade de Conservas Rianxeira S.A.U (Jealsa), situados na comarca de Barbanza (costa norte de la ría de Arousa).

Conservas Rianxeira S.A.U (Jealsa) faise cargo de todos os gastos derivados dos premios en metálico e as prácticas remuneradas. O pagamento do premio en metálico efectuarase por Conservas Rianxeira S.A.U (Jealsa) mediante transferencia á conta bancaria indicada polo/a alumno/a da que deberá ser titular. En ningún caso o outorgamento destes premios terá custo económico para a Universidade de Vigo.

## PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

A persoa solicitante deberá cubrir o [formulario en liña](#) descargalo e presentalo na [sede electrónica](#) da Universidade de Vigo a través da instancia xenérica (SXER) existente na sede, e pór como asunto “Premios We Sea-UVigo”, achegando unicamente o arquivo coa solicitude.

Xunto co formulario en liña, o alumnado solicitante deberá subir a seguinte documentación (non hai que subir a documentación á sede electrónica):

- Informe favorable do director/a do traballo.
- Unha copia en formato pdf do Traballo Fin Grao / Traballo Fin de Mestrado

O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión. Para presentar electronicamente o formulario xenerado, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que cada solicitante deberá observar en todo momento. Estas instrucións poden visualizarse a través [deste enlace](#). No caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico [sede@uvigo.gal](mailto:sede@uvigo.gal).

Non se tramitarán as solicitudes presentadas por outras vías.

## PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación das candidaturas iníciarase o día seguinte á publicación da presente convocatoria e remata o 16 de setembro de 2022 ás 23:59 horas (hora peninsular española).



CSV : GEN-2f5f-f3de-6465-e990-1bc1-07b0-0fcb-4c68

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 13/05/2022 14:12 | NOTAS : F

## SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Logo de o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas éstas e a documentación presentada, a Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria da Universidade de Vigo publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros das causas de exclusión mediante un escrito presentado na sede electrónica da Uvigo dirixida á Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria .

Unha vez revisadas as alegacións, a Comisión de avaliación de estes premios propondrá a concesión dos proxectos gañadores acordo cos seguintes criterios:

- **Innovación:** grao de disrupción e previsión do desenvolvemento dun novo produto ou servizo. Ata 3 puntos
- **Aplicabilidade:** grao de viabilidade técnica, comercial e /ou económica. Ata 3 puntos
- **Relevancia:** grao de que a idea poida ter capacidade de creación de valor económico, social, y/o medioambiental. Ata 2 puntos
- **Plan de traballo:** grao de desenvolvemento dos obxectivos, metodoloxías e instrumentos de recollida e medición de datos e dos resultados obtidos no traballo.: ata 2 puntos.

A Comisión de avaliación dos Premios estará por composta:

- **Presidente:** O Reitor da Universidade de Vigo ou persoa en quen delegue.
- **Vogais:** David Cabanelas: Director General. Valora Marine Ingredients  
Ángeles Claro: Directora de Sostenibilidade & *We Sea*/ Jealsa  
Elena Rivo López: Departamento de Organización de empresas e márketing. Universidade de Vigo.

Unha vez que a Comisión efectúe a selección, a Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria publicará a listaxe de persoas con premio concedido e a listaxe de agarda, para o caso de existiren renuncias.

## RENUNCIAS

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante escrito presentado na sede electrónica da UVigo dirixido á Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria .

## PROPIEDAD INTELECTUAL

A propiedade intelectual do traballo premiado e a propiedade material dos documentos que o integran corresponden ao autor/a do mesmo. Conservas Rianxeira S.A.U poderá difundir con fins publicitarios o título, resume e autor do traballo premiado.



CSV : GEN-2f5f-f3de-6465-e990-1bc1-07b0-0fcb-4c68

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 13/05/2022 14:12 | NOTAS : F

## PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPD), e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámolo/a de que os datos que vostede nos facilite na solicitude trataranse baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de realizar as xestións administrativas correspondentes á presente convocatoria e amparados pola lei orgánica 6/2001 de universidades e pola súa normativa de desenvolvemento, así como pola Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Coa súa participación nesta convocatoria, as persoas interesadas autorizan a Universidade de Vigo a publicar os seus datos, de acordo cos principios de publicidade e de transparencia, cando así se derive da natureza do procedemento e do acto administrativo concreto. Non obstante, e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, a citada circunstancia deberá comunicarlle á persoa afectada, coa maior celeridade posible, á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo no teléfono 986 813 419 ou no enderezo electrónico [igualdade@uvigo.gal](mailto:igualdade@uvigo.gal).

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e conservaranse durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades derivadas da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede ten dereito a solicitarlle ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os devanditos dereitos poderá exercelos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> (preferentemente a través do procedemento específico SXER-Exercicio dereitos sobre protección de datos) ou mediante unha solicitude dirixida ao reitor da Universidade de Vigo e presentada ante as oficinas de asistencia en materia de rexistro da Universidade de Vigo ou calquera dos rexistros ou oficina de correos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e remitírase á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, campus universitario, As Lagoas, Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

Igualmente poderá dirixir a citada solicitude directamente á delegada de protección de datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico [dpd@uvigo.gal](mailto:dpd@uvigo.gal).

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).



CSV : GEN-2f5f-f3de-6465-e990-1bc1-07b0-0fcb-4c68

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 13/05/2022 14:12 | NOTAS : F

## CONFIDENCIALIDADE

As entidades participantes e as persoas que, no seu nome e de ser o caso, interveñan nalgúna fase da xestión desta convocatoria deberán gardar o debido segredo sobre os datos persoais dos que sexa responsable a universidade e aos que tivese acceso como consecuencia do desenvolvemento desa actividade. Neste caso, a Universidade de Vigo poderá esixirlles a sinatura dun acordo de confidencialidade.

Do mesmo xeito, o estudiantado que, de ser o caso e como consecuencia da forma concreta de beneficio que lle fose concedido, accedese a datos persoais dos que sexa responsable unha entidade participante estará sometido a ese mesmo deber.

Consonte o artigo 5 da Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, esta obriga será complementaria dos deberes de segredo profesional de conformidade coa súa normativa aplicable e manterase aínda cando finalizase a relación entre as partes.

O reitor

Por delegación R.R. do 26/05/2020 (D.O.G. do 4 de xuño)

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria  
(asinado electronicamente)

Natalia Caparrini Marín



**CSV : GEN-2f5f-f3de-6465-e990-1bc1-07b0-0fcb-4c68**

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 13/05/2022 14:12 | NOTAS : F